

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AOS CONCELLOS ADHERIDOS AO REVITALIZA PARA O NOMEAMENTO INTERINO DE MESTRAS E MESTRES COMPOSTEIROS MUNICIPAIS

INTRODUCCIÓN

A compostaxe foi desde un primeiro momento unha aposta do novo equipo de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, elixido tras as eleccións de maio de 2015, para facilitarlles aos concellos da provincia unha xestión do lixo máis económica e ecolóxica.

Para iso púxose en funcionamento o plan de tratamento de residuos Revitaliza, co que se trata de cumprir, e mesmo superar, os obxectivos fixados nas normativas europea, estatal e autonómica en canto ás porcentaxes de residuos municipais reutilizados ou reciclados, dentro do obxectivo xeral dunha utilización eficiente dos recursos.

Baseándose nesa privilexiada característica de poderen ser tratados *in situ* con todas as garantías científicas, técnicas, tecnolóxicas, sanitarias e ambientais necesarias, no Revitaliza apóstase polo tratamento da fracción orgánica a través da compostaxe empregando principalmente composteiros individuais (en diante, COIN) e centros de compostaxe comunitaria (en diante, CCC), unha estratexia en sintonía e intimamente coherente coas novas liñas de actuación na xestión de residuos promovidas polas políticas da UE ás que, popular e xenericamente, se lles chama quilómetro cero, xestión circular, xestión sustentable, xestión de proximidade e xestión local a pequena escala.

Na actualidade, 47 concellos da provincia están adheridos ao Revitaliza, segundo o protocolo aprobado por acordo da Xunta de Goberno local na sesión de 14 de outubro de 2016 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* núm. 200, de 19 de outubro de 2016). En 37 deses concellos xa se instalaron 165 CCC, con 1.217 unidades modulares de compostaxe (en diante UMC). Tamén se instalaron 9.755 COIN nos diversos concellos adheridos ao plan.

Unha vez formalizada esa adhesión, cada municipio puido beneficiarse de varias actuacións postas en marcha pola Deputación de Pontevedra, desde a formación do persoal ata unha serie de liñas de subvencións convocadas para consolidar o Revitaliza e impulsar o tratamento da fracción orgánica dos residuos municipais (FORM).

En canto á convocatoria de subvencións, a Liña I permítelles aos 47 concellos adheridos dispoñer dun plan de residuos individualizado no que se estuda que parte da poboación

pode compostar de xeito individual, canta pola vía dos centros de compostaxe comunitaria e canta a través dunha planta de tratamento. Tamén se tiveron en conta cuestións coma o tipo de recollida ou a existencia de produtores singulares.

A Liña II destas convocatorias de subvencións (en réxime de concorrencia competitiva) tiña por obxecto subvencionar a adquisición dos COIN e CCC necesarios para poñer en marcha do novo sistema baseado na compostaxe, así como dos materiais complementarios para o seu bo funcionamento (tritadoras, remolques, camiós etc.).

Así mesmo, para cubrir as necesidades de persoal propio dos concellos adheridos ao Revitaliza a Deputación concedeulles subvencións a 20 deles, destinadas a cofinanciar os custos salariais derivados do nomeamento interino de mestras e mestres composteiros municipais, de acordo coas convocatorias abertas para tal efecto.

Non obstante, ante a evolución da implantación do Revitaliza nos concellos adheridos e coa intención de que todos eles se vaian dotando paulatinamente de persoal propio que poida darlle continuidade aos traballos que ata o de agora están a desenvolver técnicas e técnicos provinciais, motivan a decisión da Deputación de Pontevedra de abrir unha nova convocatoria de subvencións destinadas a financiar o custo salarial, incluída a cotización á Seguridade Social, do nomeamento das persoas necesarias para o seguimento e a execución do novo sistema de tratamento de residuos orgánicos baseado na compostaxe nos devanditos concellos.

Así, os concellos que soliciten estas axudas recibirán ata un número máximo de traballadoras ou traballadores (entre 1 e 4), que se determinará en función da poboación, do número de UMC e CCC en funcionamento no municipio e das necesidades determinadas polo grao de implantación do plan, para, deste xeito, intentar cubrir as necesidades reais de persoal para levar a cabo esta actuación. Estas previsións iniciais poderán ser revisadas no caso de concorrer circunstancias relevantes que así o requiran, coma a instalación de novos CCC ou outras que determine o persoal técnico provincial tras a solicitude dos concellos beneficiarios.

Para cubrir as prazas solicitadas polos concellos chamaranse en primeiro lugar as persoas candidatas que forman parte da lista de reserva para o nomeamento interino de mestras e mestres composteiros con destino a concellos da provincia adheridos ao Revitaliza publicada o 7 de maio do 2020 na páxina web da Deputación de Pontevedra, que se actualizará para a súa adecuación ás circunstancias sobrevidas desde entón.

Esta iniciativa provincial enmárcase no ámbito de competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local lles encomenda ás deputacións, xa que deben dirixir a súa actividade a cooperar para fomentar o desenvolvemento económico e social en toda a provincia e a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, entre os que se atopan a recollida e o tratamento de residuos.

Segundo o disposto no artigo 26.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 13 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, nos concellos de menos de 20.000 habitantes a Deputación coordinará a prestación dos servizos de recollida e tratamento de residuos. Pola súa banda, no artigo 36.1.c) desta lei establécese que é competencia da Deputación prestar os servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal, e fomentar ou, no seu caso, coordinar a prestación unificada de servizos dos concellos do seu respectivo ámbito territorial. En particular, asumirá a prestación do servizo de tratamento de residuos nos concellos de menos de 5.000 habitantes cando estes non o presten.

No artigo 30 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, establécese que a Deputación cooperará para acadar a efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, e aplicará para este fin os medios económicos propios desta que se lle asignen ou as subvencións ou axudas de calquera outra procedencia.

En consecuencia, á vista do exposto, acórdase convocar as subvencións para financiar o nomeamento interino por programa de carácter temporal do persoal encargado de realizar as tarefas precisas para xestionar os residuos orgánicos xerados nos concellos da provincia a través da compostaxe, que se rexerá polas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a convocatoria pública das subvencións destinadas a financiar o custo salarial establecido na base terceira, incluída a cotización á Seguridade Social, derivado do nomeamento interino por programa de carácter temporal das persoas necesarias para o seguimento e a execución do novo sistema de tratamento de residuos orgánicos baseado na

compostaxe (mestras e mestres composteiros) nos concellos que poidan beneficiarse desta liña de axudas, durante o período 2021-2024.

Segunda. Entidades beneficiarias. Requisitos

Poderán acollerse a estas axudas os concellos que no momento de finalización do prazo de presentación de instancias estean adheridos ao Revitaliza da Deputación de Pontevedra, de acordo co protocolo publicado no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 199, de 18 de outubro de 2016, adhesión que se pode facer simultaneamente con esta convocatoria.

Non poderán participar nesta convocatoria aqueles concellos que fosen beneficiarios das subvencións convocadas para mesma finalidade no período 2018-2020 (bases publicadas no BOPPO núm. 81, de 26 de abril de 2018) e non prorrogasen os nomeamentos das e dos funcionarios interinos ata o límite máximo permitido legalmente para a duración dos programas de carácter temporal, recollido no artigo 10.1.c do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público. Tampouco poderán participar aqueles concellos que en anteriores convocatorias renunciaren á subvención unha vez que as persoas seleccionadas pola Deputación de Pontevedra elixisen o destino.

A cada concello dos que poidan optar a estas subvencións asignaráselle un número máximo de empregadas ou empregados subvencionables atendendo á súa poboación segundo os últimos datos oficiais publicados polo INE, de acordo co seguinte detalle:

- Concellos cunha poboación de ata 5.000 habitantes: máximo dunha ou dun (1) traballador
- Concellos cunha poboación de entre 5.001 e 10.000 habitantes: máximo de dúas (2) traballadoras ou traballadores
- Concellos cunha poboación de entre 10.001 e 20.000 habitantes: máximo de tres (3) traballadoras ou traballadores
- Concellos cunha poboación de 20.001 habitantes ou máis: máximo de catro (4) traballadoras ou traballadores

Á vista destas cotas de máximos absolutos previstos, tras as consultas previas realizadas cos distintos concellos e os estudos de campo levados a cabo polo persoal

técnico provincial, estímase que as previsións reais esperables de persoal quedarían cubertas coa selección de quince (**15**) **mestras ou mestres composteiros**, sen prexuízo de que a lista de reserva que se poida xerar no caso de que se convoque un novo proceso selectivo poida estar composta por un número maior de aspirantes. Nas súas instancias os concellos poderán solicitar un número menor de persoas empregadas do que lles correspondería de acordo co criterio de poboación.

Os concellos beneficiarios desta subvención comprométense a manter durante o período de vixencia desta o posto das persoas incorporadas, sempre que non finalice o plan de compostaxe municipal ao que están vinculados os postos subvencionados ou concorran causas excepcionais, previa autorización da Deputación de Pontevedra. Así mesmo, comprométense a cofinanciar calquera concepto non subvencionable ou o importe que se lles teña que aboar ás ou aos traballadores que exceda do da subvención.

Terceira. Contía da subvención, período subvencionable e financiamento

Para o cálculo das cantidades máximas subvencionables tomáronse como referencia as retribucións reflectidas nas bases de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o nomeamento interino por execución de programas de persoal do grupo C1, de acordo ao seguinte detalle:

Grupo	Nivel	Total de devengos por mes incluídos os rateos de pagas extras (€)	Cota de patronal (€)	Total mensual (€)	Total anual (€)
C1	20	1.879,03	589,08	2.468,11	29.617,32

O financiamento comprende exclusivamente o custo salarial (isto é, salario base, complementos específico e de destino e pagas extra) e a cotización á Seguridade Social, e non considera outros conceptos coma a indemnización por cesamento, a produtividade, as gratificacións e outros similares. Os concellos poderán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por esta categoría profesional no concello.

As porcentaxes da subvención irán decrecendo do xeito indicado na seguinte táboa; establécense os seguintes períodos subvencionables:

ENTIDADE	ANO 2021	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024
Deputación de Pontevedra	0 % (1.º semestre) 100 % (2.º semestre)	100 % (1.º semestre) 50 % (2.º semestre)	50 % (1.º semestre) 30 % (2.º semestre)	30 % (1.º semestre) 0% (2.º semestre)
Concello	0 % (1.º semestre) 0 % (2.º semestre)	0 % (1.º semestre) 50 % (2.º semestre)	50% (1.º semestre) 70 % (2.º semestre)	70% (1.º semestre) 100 % (2.º semestre)

Tendo en conta os prazos necesarios para tramitar o expediente, a subvención correspondente ao ano 2021 abarcará un período de **6 meses**, polo que o importe máximo do financiamento nesa anualidade ascende a **222.129,90 euros** (15 mestras e mestres composteiros x 2.468,11 euros/mes x 6 meses), que será imputable á aplicación **21/923.1623.462.02** do vixente Orzamento provincial.

Con respecto ás anualidades 2022, 2023 e 2024, o seu financiamento quedará condicionado á existencia de crédito nos seus respectivos orzamentos.

No caso de percibir algunha subvención ou axuda por parte doutras administracións públicas para a mesma finalidade, concorrente coa que se regula nestas bases, os concellos beneficiarios deberán comunicarlle á Deputación de Pontevedra o detalle de cada unha delas e acreditar que a suma total non supera o 100 % do custo salarial das persoas empregadas incorporadas ao concello, incluído o custo das cotas para satisfacer en concepto de cotización á Seguridade Social.

Cuarta. Criterios de concesión

Con estas previsións a Deputación determinará a asignación do número exacto de persoas empregadas por cada concello en réxime de concorrencia competitiva atendendo aos seguintes criterios de valoración sobre un total de 100 puntos:

1. Experiencia acumulada polo concello no tratamento dos residuos orgánicos a través da compostaxe, tanto nos CCC instalados no concello coma a través dos COIN, ademais da realización doutras accións destinadas a fomentar a separación en orixe da FORM e a reciclaxe do resto das fraccións, **ata 60 puntos**. Para valorar esta experiencia o concello deberá presentar unha memoria na que se inclúa o contido mínimo que se especifica na cláusula décimo segunda destas bases.

2. Posibilidade de acadar o tratamento progresivo do 100 % da FORM xerada no concello vía COIN e/ou CCC, **ata 40 puntos**. Para valorar este criterio o concello solicitante deberá presentar un plan de acción en materia de residuos no horizonte temporal 2021-2024 no que se inclúa, como mínimo, o contido relacionado na base décimo segunda destas bases.

Da valoración destes criterios encargarase unha comisión de persoas expertas, que estará constituída por persoal do Servizo de Asistencia Intermunicipal (SAIM) adscrito ao Revitaliza e que poderá contar con asesoría interna e externa.

En calquera caso, as solicitudes **que non acaden o 40 %** da puntuación anterior eliminaranse por entender que non reúnen os requisitos técnicos mínimos para acceder a estas subvencións.

Á vista das puntuacións obtidas segundo os criterios de adxudicación citados, e unha vez valoradas polo persoal técnico provincial as necesidades reais de cada concello solicitante, farase unha primeira distribución de persoal para que lle corresponda como mínimo unha mestra ou un mestre composteiro a cada concello. Os postos restantes distribuiranse posteriormente tratando de cubrir as necesidades reais dos concellos que precisen máis dunha ou dun empregado en función da puntuación obtida nos criterios de valoración.

Co resultado da ponderación destes criterios, e tendo en conta o límite máximo de mestras e mestres composteiros establecidos por concello, o persoal técnico provincial propondrá o número definitivo que se debe subvencionar para cubrir as necesidades específicas de cada solicitante.

Quinta. Definición e funcións do persoal subvencionado

As traballadoras e os traballadores necesarios para o seguimento e a execución do novo sistema de tratamento de residuos orgánicos baseado na compostaxe que se desenvolverá no concello, para cuxo nomeamento se conceden estas subvencións, denominaranse mestras ou mestres composteiros.

As persoas seleccionadas para os postos subvencionados pertencerán ao grupo C1 e prestarán os seus servizos nos concellos que resulten beneficiarios destas subvencións para a execución do seu propio programa de carácter temporal vinculado ao novo sistema de tratamento de residuos baseado na compostaxe, así como para a execución de calquera outro relacionado coa recollida selectiva de residuos en xeral.

As funcións básicas que desempeñarán as mestras ou mestres composteiros serán, entre outras, as seguintes:

1. Revisión e control dos CCC distribuídos polo concello no que presten os seus servizos. Dentro dos labores de revisión e control estarían (non exhaustivamente):
 - a. Inspección dos módulos de achega e intervencións precisas para adecuar correctamente o equilibrio entre a materia orgánica e o material vexetal (estruturante)
 - b. Control da temperatura e a humidade dos módulos, regando, se fose preciso, o material en proceso, ou secándoo, no caso contrario, mediante a achega de estruturante e/ou remexidos
 - c. Trasega do material en proceso aos módulos seguintes
 - d. Peneirado do material unha vez concluído o proceso biolóxico e repartición do compost obtido á cidadanía participante en cada centro
 - e. Toma de datos de todas estas accións para o control da trazabilidade do proceso e rexistro fotográfico da evolución do material nas diferentes fases
 - f. Emprego da máquina trituradora de restos vexetais e, no seu caso, da motoserra
2. Revisión e control dos COIN distribuídos polo concello no que presten os seus servizos. Dentro dos labores de revisión e control estarían (non exhaustivamente):
 - a. Inspección dos COIN e intervencións precisas para adecuar correctamente o equilibrio entre a materia orgánica e o material vexetal (estruturante)
 - b. Control da temperatura e da humidade do material en proceso, regándoo, se fose preciso, ou secándoo, no caso contrario, mediante a achega de estruturante e/ou remexidos
 - c. Toma de datos de todas estas accións para o control da trazabilidade do proceso e rexistro fotográfico da evolución do material nas diferentes fases.
 - d. Axuda no emprego da máquina microtrituradora de restos vexetais.
3. Atención aos puntos limpos, fixos ou móbiles, existentes no concello.

4. Atención a calquera outra instalación de compostaxe (dixestores rotatorios de tipo Big Hanna, pequenas plantas de compostaxe etc.) que o concello puidese ter ou obtivese dentro do período indicado.
5. Asistencia a calquera outra instalación de almacenamento temporal e/ou de tratamento de residuos (biodixestores metanoxénicos e outros) que o concello puidese ter ou obtivese dentro do período indicado.
6. Asistencia a calquera outra instalación relacionada cos residuos tanto sólidos coma líquidos (pequenas depuradoras de augas residuais e outros) que o concello puidese ter ou obtivese dentro do período indicado.
7. Atención a outros traballos relacionados coa xestión ambiental coma limpeza forestais, limpeza de arborado urbano, trituración dos biorresiduos leñosos resultantes, mantemento das maquinarias asociadas etc.
8. Colaboración nos traballos de solicitude e tramitación das diversas axudas ao medio (Plan de Impulso ao Medio Ambiente, Xunta etc.).
9. Colaboración nos posibles traballos de recollidas selectivas na orixe das diferentes fraccións de residuos para acadar os obxectivos marcados por Bruxelas.
10. Labores de comunicación e de formación da cidadanía interesada en participar, así como aclaración das posibles dúbidas presentadas ao longo do tempo
11. Formación das e dos empregados e persoas voluntarias do concello que, co tempo, levarán a cabo os labores de achega e remexido do módulo de achega
12. Estudos relativos á clasificación e caracterización dos residuos xerados no concello para optimizar as súas rutas de recollida
13. Calquera outra actividade relacionada coa xestión dos residuos municipais

Sexta. Requisitos e selección das mestras e mestres composteiros

As mestras ou mestres composteiros prestarán os seus servizos nos concellos beneficiarios destas subvencións e nomearanse persoal funcionario interino por razóns de urxencia e inaprazable necesidade para a execución dun programa de carácter temporal con fundamento no artigo 10.1.c do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; na Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia; no

artigo 27.1.2 do Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado; na disposición adicional primeira do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre o procedemento de selección na Administración local; na Orde APU/1461/2002, de 6 de xuño, sobre selección e nomeamento de persoal funcionario interino; e no Decreto 95/1991, de 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os principios de mérito e capacidade.

Este nomeamento estará ligado á execución do programa de carácter temporal do propio concello vinculado ao novo sistema de tratamento de residuos baseado na compostaxe, polo que os seus efectos estarán condicionados pola súa duración, así como pola dispoñibilidade orzamentaria, tendo en conta, así mesmo, a duración máxima permitida na normativa de aplicación. Así, este persoal non terá ningunha relación, nin de servizo nin laboral ou doutro tipo, coa Deputación de Pontevedra.

Para cubrir as prazas solicitadas polos concellos chamaranse en primeiro lugar as persoas candidatas que forman parte da lista de reserva para o nomeamento interino de mestras e mestres composteiros con destino a concellos da provincia adheridos ao Revitaliza publicada o 7 de maio do 2020 na páxina web da Deputación de Pontevedra, que será obxecto de actualización para a súa adecuación ás circunstancias sobrevidas desde entón.

Eventualmente, no caso de que o número de solicitudes superase o número de aspirantes que permanecen na mencionada lista de reserva ou para cubrir eventuais novas necesidades, poderíase convocar un novo proceso selectivo para crear outra bolsa de emprego de mestras e mestres composteiros con destino aos concellos da provincia.

Igual que nas anteriores convocatorias, e atendendo á dificultade que representa para os concellos realizar procesos selectivos dedicando medios propios, a Deputación encargárase de efectuar este proceso selectivo de xeito único.

A presentación da solicitude por parte do concello implica a súa aceptación expresa da encomenda á Deputación de Pontevedra para realizar estas tarefas de selección de persoal.

As persoas seleccionadas deberán posuír a capacidade funcional e a titulación exixida para a categoría profesional do posto ofertado (C1), non incorrer en causas de incompatibilidade e formar parte da bolsa de emprego existente ou, de ser o caso,

superar o proceso selectivo único que convoque a Deputación de Pontevedra, no que se terán en conta, ademais dos coñecementos teóricos sobre as materias que formen parte do programa, a experiencia profesional e os coñecementos específicos en materia de compostaxe adquiridos en cursos monográficos neste eido, co fin de acreditar a súa competencia profesional.

Sétima. Substitución das mestras e mestres composteiros nos casos de cesamento voluntario, despido ou incapacidade temporal

Con carácter xeral, cando se produza o cesamento no nomeamento ou a renuncia da ou do funcionario interino antes de rematar o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, a entidade beneficiaria poderá solicitarlle á Deputación que lle adxudique outra persoa para cubrir o posto vacante de entre as que formen parte da lista de reserva que xestionará o ente provincial. Esta solicitude deberá presentarse dentro dos trinta (30) días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da persoa inicialmente nomeada e, unha vez aprobada a solicitude, o concello deberá nomear como funcionaria ou funcionario interino a nova persoa seleccionada no prazo máximo de quince (15) días naturais.

No suposto de baixas temporais por maternidade ou por outras causas que se prevexa que sexan de duración superior a trinta (30) días, a substitución só será posible coa autorización expresa da Deputación, previa solicitude fundamentada do concello beneficiario, na que quedarán suficientemente acreditadas a causa da baixa e a previsión da súa duración.

No caso de baixas temporais permitírase esta substitución soamente para os efectos da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable. O concello terá que optar por asumir o custo dunha ou doutra empregada ou empregado alternativamente durante o período de baixa e deberá comunicarlle esta situación á Deputación mediante un escrito motivado.

Oitava. Presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no BOPPO.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra

(<https://sede.depo.gal>) xunto coa documentación á que se fai referencia na base décimo segunda.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal), e os certificados electrónicos (incluído o DNle).

A presentación da solicitude implica a aceptación incondicional dos termos regulados nestas bases.

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado para tal fin no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas teñan que completar durante a tramitación deste procedemento deberanse realizar de forma electrónica a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas

ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións na conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Documentación

Para poder participar nestas subvencións deberá presentarse a seguinte documentación xunto coa solicitude electrónica de iniciación asinada pola Alcaldía:

- a) Acordo de aprobación desta por parte do órgano municipal competente do concello
- b) Proxecto de actuación en materia de residuos e memoria na que se indique a experiencia acumulada na implantación da compostaxe no municipio segundo o establecido na base cuarta desta convocatoria. Neste proxecto deberase indicar, como mínimo, a seguinte información:
 1. Con respecto á experiencia acumulada na implantación da compostaxe no concello:

- Resumo dos datos relativos á instalación e ao funcionamento dos CCC instalados no municipio e o dos COIN repartidos entre a veciñanza, aos que se pode acceder a través das aplicacións de seguimento facilitadas polo Revitaliza
- Protocolo de provisión do estruturante preciso para os procesos de compostaxe
- No caso de que se realizasen outras accións específicas para o fomento da separación en orixe da fracción orgánica deberase incluír unha explicación do desenvolvemento destas accións concretas e dos resultados obtidos. Este tipo de accións poden comprender campañas especiais de recollida en eventos organizados polo concello, campañas de información relacionadas coa prevención, reciclaxe, talleres formativos e outras similares
- Relación de convenios asinados por parte do concello con organismos que promovan a recollida selectiva do resto das fraccións (vidro, envases, papel e cartón, téxtil etc.) e que faciliten a separación en orixe da FORM e o seu tratamento a través da compostaxe
- Protocolo de recollida e reciclaxe dos restos de poda xerados polo concello
- Calquera outra información relevante relacionada coa experiencia do concello en materia de compostaxe

2. En relación co proxecto de actuación en materia de residuos:

- Os concellos solicitantes deberán presentar un plan de acción en materia de residuos para o período 2021-2024 no que, como mínimo, se incluírá o seguinte:
 - i. Análise da poboación do concello no que se considere o nivel de dispersión, a ruralidade e a súa densidade
 - ii. Análise do ámbito xeográfico do concello no que se indique se se pretende implantar o sistema baseado na compostaxe na totalidade do termo municipal ou soamente en zonas concretas
 - iii. Datos mensuais de produción de residuos nos dous últimos anos entre os que se recollan, como mínimo, os seguintes:

- a. Fracción resto, habitualmente no colector verde
 - b. Fracción envases e embalaxes (EE), habitualmente no colector amarelo
 - c. Fracción papel/cartón (P/C), habitualmente no colector azul
 - d. Fracción vidro (V), habitualmente no colector verde
 - e. Outros, segundo a dispoñibilidade de datos
- iv. Obxectivos que se pretenden acadar co novo sistema formulado
 - v. Relación de actividades que se pretenden levar a cabo no concello para acadar os obxectivos propostos
 - vi. Xustificación da necesidade do número de empregadas e empregados solicitado

No caso de presentar incompleta a documentación á que se refire esta base, requiriráselle á persoa interesada que emende as faltas ou omisións no prazo máximo de dez (10) días hábiles e indicaráselle que, de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude previa resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Décimo terceira. Instrución e procedemento

1. A instrución do procedemento de concesión, que lle corresponde ao SAIM, comprenderá as seguintes actividades ou fases:
 - a. Unha vez presentadas as solicitudes, o servizo instrutor realizará o estudo e a súa comprobación
 - b. O xefe de servizo do SAIM ten a condición de órgano instrutor. As actividades do instrutor comprenderán:
 - Petición de informes; o prazo de emisión será de dez (10) días, salvo que se autorice un prazo maior
 - Informe-proposta do xefe do Servizo, no que figurará a valoración da comisión de persoas expertas segundo os criterios de concesión e no que

se explicará o sistema de valoración seguido, ordenando as solicitudes de forma decrecente de puntuación e sinalando a subvención que lle corresponde a cada unha delas. Así mesmo, indicaranse as solicitudes desestimadas e motivaranse as razóns das desestimacións

2. Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta

3. Estudo do informe-proposta por parte da comisión de avaliación, que neste expediente estará formada por:

Presidenta: Marina Piñeiro Novo, xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios

Vogais: Eugenio Marcote Carballo, enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios; María Martínez Abrales, técnica adscrita ao Revitaliza, e Inés Vereterra Gutiérrez-Maturana, xefa do Servizo de Fiscalización e Asesoramento

Secretario: Gabriel Rodríguez Alonso, xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

4. Proposta de resolución. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión, formulará a proposta de resolución, que deberá expresar a entidade solicitante ou a relación de entidades solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento

5. A proposta de resolución non crea ningún dereito a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión

Décimo cuarta. Resolución

Unha vez aceptada, no seu caso, a proposta de resolución, o órgano competente resolverá o procedemento.

A resolución deberá motivarse; quedarán acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.

Na resolución, ademais de indicarse a entidade solicitante ou a relación de entidades solicitantes ás que se lles concede a subvención, farase constar de maneira expresa, no seu caso, a desestimación do resto das solicitudes.

A resolución do procedemento non poderá exceder os seis (6) meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que nesta se pospoñan os seus efectos a unha data posterior.

O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexitima as persoas interesadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Décimo quinta. Nomeamento do persoal

Unha vez efectuada a selección das persoas candidatas entre as que figuran na lista de reserva existente ou, de ser o caso, na forma prevista nas bases que rexerán o procedemento selectivo único convocado pola Deputación, a entidade beneficiaria procederá ao seu nomeamento tendo en conta que, en todo caso, este deberá efectuarse no prazo e nos termos establecidos na resolución na que se concede a subvención.

Os concellos beneficiarios comprométense a manter durante o período de vixencia da subvención o posto das persoas incorporadas, sempre que non finalice o plan de compostaxe municipal ao que están vinculados os postos subvencionados ou salvo que concorran causas excepcionais, previa autorización da Deputación de Pontevedra.

As entidades darán de alta na Seguridade Social as persoas contratadas no código de conta de cotización que corresponda.

No caso de que algunha das persoas nomeadas renuncie ao posto antes de finalizar o período de tempo de referencia para o cálculo da subvención, o concello poderá nomear outra persoa para que ocupe o posto vacante polo tempo restante, sen que en ningún caso o período de contratación da persoa nomeada inicialmente e o da que a substitúe poida exceder o período total subvencionable. No caso de renuncia, a persoa que ocupará o posto vacante deberase escoller de entre as que figuren na bolsa de emprego correspondente, que estará xestionada pola Deputación.

En ningún caso a relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e a persoa traballadora vinculará a Deputación de Pontevedra.

Décimo sexta. Pagamento da subvención

O pagamento da subvención farase efectivo por anualidades ou tramos subvencionables, tal e como se detalla na base terceira. Dentro de cada unha das anualidades que conforman o período subvencionable o pagamento efectuarase da seguinte forma:

- O 50 % do importe subvencionable para a anualidade de 2021 aboarase ao inicio da totalidade dos nomeamentos, previa solicitude do concello. Para iso, deberá achegarse o documento acreditativo correspondente (certificación) expedido polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente xunto coa copia do nomeamento, así como o xustificante da alta na Seguridade Social. Aboarase segundo o número de nomeamentos formalizados ata esa data; deberán indicarse as persoas empregadas, as datas de inicio, a categoría profesional e a duración do nomeamento, así como unha previsión dos gastos que suporán as contratacións para este período detallada por conceptos (salario base, complementos, pagas extras, no caso de non estar rateadas, e achega empresarial á Seguridade Social).

- O 50 % dos importes sucesivos por anualidade aboaranse ao inicio de cada ano previa solicitude do concello; deberá acreditarse a continuidade dos nomeamentos nos postos indicados a través do correspondente documento acreditativo desta circunstancia expedido polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente. Así mesmo, achegarase unha previsión dos gastos que suporán as contratacións para cada período detallada por conceptos (salario base, complementos, pagas extras, no caso de non estar rateadas, e achega empresarial á Seguridade Social).

- O 50 % restante dos importes subvencionables en cada un dos períodos efectuarase nos prazos sinalados e previa presentación da documentación exixida na seguinte base.

Décimo sétima. Xustificación e seguimento

Co fin de efectuar un seguimento adecuado da execución da actividade subvencionada, a entidade beneficiaria deberá cumprir as seguintes obrigas:

- Presentar electronicamente a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), a seguinte documentación no prazo máximo de tres (3) meses, contados a partir do día seguinte ao da finalización de cada un dos períodos subvencionables:

- Memoria final sobre as actividades realizadas polo persoal nomeado

- Certificación acreditativa da ou do secretario ou da ou do interventor de que os gastos son reais e de que se aplicaron á finalidade subvencionada, que quedará á disposición da Deputación para o seu exame cos xustificantes correspondentes. Neste certificado deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo en concepto de incapacidade temporal das ou dos empregados con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial
- Copias electrónicas auténticas das nóminas aboadas ás e aos empregados nomeados ao abeiro desta subvención, así como os documentos bancarios que acrediten o pagamento dos salarios (transferencias bancarias)
- Acreditación do cumprimento de darlle difusión ao financiamento obtido

A Intervención provincial poderá requirir calquera outra documentación complementaria para acreditar a efectividade dos nomeamentos.

Décimo oitava. Incumplimento, perda da subvención e reintegro

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base anterior sen que o concello beneficiario presente a documentación xustificativa, o SAIM requiriralla para que a presente no prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación da documentación neste prazo representará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Así mesmo, perderá o dereito ao cobro das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

De conformidade co artigo 14.1. da citada Lei 9/2007, o importe para reintegrar determinarase segundo os seguintes criterios de gradación dos posibles incumplimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:

- a) Incumprir as condicións esixidas á entidade beneficiaria para a concesión da subvención, especialmente a obriga de complementar os salarios (incluída a cotización á Seguridade Social) das e dos empregados nos períodos subvencionables nos que a Deputación non se faga cargo do 100 % destes: reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado
- b) Non realizar a actividade ou adoptar un comportamento contrario ao que fundamenta a concesión da subvención: reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado
- c) Incumprir a obriga de presentar a documentación esixida na base décimo sétima: no caso de que non se presente ningunha documentación deberá reintegrar o 100 % do gasto subvencionado e, no suposto de presentación de parte da documentación esixida ou de que a documentación presentada sexa incorrecta, o importe que se deberá reintegrar será proporcional ao gasto non xustificado

Décimo novena. Publicidade

Os concellos beneficiarios terán a obriga de darlle publicidade a través das súas páxinas web e dos seus taboleiros de anuncios á información relativa á subvención concedida, así como á convocatoria do proceso selectivo, que, de ser o caso, se efectuará para crear unha nova bolsa de emprego para mestras e mestres composteiros con destino aos concellos adheridos ao Revitaliza.

Vixésima. Natureza e réxime xurídico

As axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria teñen a natureza xurídica de subvencións.

De acordo co disposto na disposición adicional oitava da LXS, estas subvencións rexeranse polo disposto nestas bases e resultarán de aplicación supletoria as disposicións da devandita lei.

Vixésimo primeira. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 123 e 124 da LPACAP, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,

todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Vixésimo segunda. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalos, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos, segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.